



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Anuncio

ACORDO do 10 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Saviñao. (Expediente IN407A 2024/160-2)

Con data 11 de abril de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Regulamentación LMTA MOF802 en tramo entre apoios núm. 122-67 e núm. 122-67-5 (O Saviñao)".

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso de 30 de abril 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 7 de maio de 2025, para que comparezan o día **24 de setembro do 2025 no concello do Saviñao** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 10 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Datas Actas	Hora
1	70	10	Matadoiro	Prado	Manuel Díaz López	24.09.2025	10:00
2	69	250	Matadoiro	Prado	José Luis Martínez González	24.09.2025	10:30

R. 2078

Anuncio

ACORDO do 10 de xullo do 2025 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello do Saviñao. (Expediente IN407A 2023/284-2)

Con data 28 de marzo de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada “Substitución CT Rebordaos-27C363 (O Saviñao)”.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao deducida da que se someteu a información pública no diario La Voz de Galicia de 11 de abril de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 22 de abril de 2025, para que comparezan o día **24 de setembro do 2025 no concello do Saviñao** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello do Saviñao estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 10 de xullo de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº finca	Pol.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Datas Actas	Hora
1	90	87	Outeiro	Prado	José Luis Varela Lois	24.09.2025	11:00

R. 2079

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 18 de xullo de 2025, acordou:

Primeiro. Aprobar o acordo de concesión provisional de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2025, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e

cálculo da subvención das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan na listaxe que se achega anexada á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Nº REX	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN	CONCELLO
2025/CCP_01/000071	ASOC DEPORTIVA MONDOÑEDO CIUDAD	***1326**	FUTBOL	2279	MONDOÑEDO
2025/CCP_01/000078	CLUB NATACION MONFORTE	***2173**	NATACION	5035	MONFORTE
2025/CCP_01/000084	FUTBOL SALA CONCELLO DE ABADIN	***8213**	FUTBOL	1223	ABADÍN
2025/CCP_01/000087	ANCARES-BECERREA FUTBOL VETERANO	***3999**	FUTBOL	1497	BECERREÁ
2025/CCP_01/000091	CLUB ATLETISMO LUCUS	***0338**	ATLETISMO	4047	LUGO
2025/CCP_01/000092	PADEL CLUB RIBADEO	***4438**	PADEL	1210	RIBADEO
2025/CCP_01/000093	CLUB DEPORTIVO RABADE DE VETERANOS	***1658**	FUTBOL	1453	RÁBADE
2025/CCP_01/000094	CLUB BILLAR CIRCULO CHANTADA	***4350**	BILLAR	712	CHANTADA
2025/CCP_01/000095	CLUB DEPORTIVO CASTRO	***1489**	FUTBOL	4284	CASTRO DE REI
2025/CCP_01/000110	CLUB FRANCISCANOS DE LUGO	***0397**	BALONCESTO	3468	LUGO
2025/CCP_01/000117	CLUB DE HOCKEY ISLA PANCHÁ	***4725**	HOCKEY LIÑA	968	RIBADEO
2025/CCP_01/000118	CLUB TENIS CHANTADA	***2033**	TENIS	1043	CHANTADA
2025/CCP_01/000120	CLUBE BALONMAN VIVEIRO	***1710**	BALONMAN	6000	VIVEIRO
2025/CCP_01/000125	CLUB FRANCISCANOS DE LUGO	***0397**	ATLETISMO	1700	LUGO
2025/CCP_01/000127	SOCIEDADE DEPORTIVA VIVEIRO	***4357**	FUTBOL	5345	VIVEIRO
2025/CCP_01/000130	CLUB BALONCESTO DO LEA	***4314**	BALONCESTO	1850	CASTRO DE REI
2025/CCP_01/000133	CLUB DE PIRAGÜISMO VIVEIRO	***2106**	PIRAGÜISMO	6000	VIVEIRO
2025/CCP_01/000135	BURELA VETERANOS	***7812**	FUTBOL	1118	BURELA
2025/CCP_01/000137	CLUB DEPORTIVO DEZ PORTAS LUGO	***3464**	TENIS DE MESA	2874	LUGO
2025/CCP_01/000149	CLUB DEPORTIVO RIO SIL	***2092**	FUTBOL	1560	SOBER
2025/CCP_01/000150	C.D.CORGO	***2184**	FUTBOL	4321	CORGO,O
2025/CCP_01/000151	ESCUELA MAKINGTENNIS JNP	***7169**	TENIS	1675	LUGO
2025/CCP_01/000156	CLUB DE GOLF LUGO	***4216**	GOLF	2554	LUGO
2025/CCP_01/000158	CLUB DEPORTIVO BROLLON	***1479**	FUTBOL	1674	POBRA DE BROLLÓN
2025/CCP_01/000163	SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA MILAGROSA	***1521**	FUTBOL	5049	LUGO

2025/CCP_01/000165	CLUB UNION DEPORTIVA FERROVIARIA DE LUGO	***1521**	FUTBOL	5094	LUGO
2025/CCP_01/000166	AGRUPACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL ABADINENSE DE VETERANOS	***4832**	FUTBOL	1483	ABADÍN
2025/CCP_01/000174	ASOC DEPORTIVA CLUB BADMINTON O CEMBEDO	***4450**	BADMINTON	2943	VIVEIRO
2025/CCP_01/000177	SOCIETARIO DE CAZADORES TERRA CHA	***3045**	CAZA	4252	COSPEITO
2025/CCP_01/000178	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA	***4395**	FUTBOL	1665	PARADELA
2025/CCP_01/000180	RIBADEO FUTBOL CLUB	***1338**	FUTBOL	1743	RIBADEO
2025/CCP_01/000184	CLUB DE BOLOS RIBATRA	***3722**	BIRLOS	1135	RIBADEO
2025/CCP_01/000185	SOCIEDADE DEPORTIVA CULTURAL ROUPAR	***1250**	FUTBOL	1716	XERMADE
2025/CCP_01/000186	CLUB LEMOS	***1577**	FUTBOL	2459	MONFORTE
2025/CCP_01/000187	CLUBE CICLISTA QUERCUS-APER	***9079**	CICLISMO	4064	LUGO
2025/CCP_01/000188	CLUB DE BALONCESTO CIDADE DE LUGO	***3444**	BALONCESTO	6000	LUGO
2025/CCP_01/000189	FERREIRA CF	***2116**	FUTBOL	1588	PANTON
2025/CCP_01/000191	CELTA DE BARREIROS C. DE FÚTBOL	***2385**	FUTBOL	1725	BARREIROS
2025/CCP_01/000193	ABELLA C.F.	***5021**	FUTBOL	1759	LUGO
2025/CCP_01/000194	SDAD.DEPORTIVA CAZAS	***2699**	FUTBOL	1729	XERMADE
2025/CCP_01/000209	CLUB DEPORTIVO TREXOS	***2067**	MOTOCICLISMO	1500	LUGO
2025/CCP_01/000213	CEOSPORT	***8019**	FUTBOL	2927	LUGO
2025/CCP_01/000216	CLUB SARRIANA FUTBOL VETERANOS	***4251**	FUTBOL	963	SARRIA
2025/CCP_01/000217	ASOC SAGRADO CORAZON	***1836**	FUTBOL	4344	LUGO
2025/CCP_01/000218	SOCIEDAD GIMNASTICA COMERCIAL ESTUDIANTES	***0321**	FUTBOL	2806	LUGO
2025/CCP_01/000225	SDAD DEPORTIVA OURAL	***0416**	FUTBOL	1392	SARRIA
2025/CCP_01/000230	ESCUELAS DEPORTIVAS CALASANCIO C.F.	***8668**	FUTBOL	2000	MONFORTE
2025/CCP_01/000236	CLUB POLIDEPORTIVO LUCENSE	***4840**	ATLETISMO	1000	LUGO
2025/CCP_01/000237	CLUB POLIDEPORTIVO LUCENSE	***4840**	BALONMAN	6000	LUGO
2025/CCP_01/000250	O INCIO TERRA BRAVA CLUB DE FUTBOL	***4703**	FUTBOL	1716	INCIO,O
2025/CCP_01/000260	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS DE FRIOL	***3430**	FUTBOL	1353	FRIOL
2025/CCP_01/000262	ESCOLAS DEPORTIVAS LOURENZA	***2119**	FUTBOL	4941	LOURENZÁ
2025/CCP_01/000267	ANCARES BIKE	***8428**	CICLISMO	2875	BECERREÁ
2025/CCP_01/000269	SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA	***1686**	FUTBOL	1661	PARADELA
2025/CCP_01/000270	CLUB ATLETICO ILLAN	***2644**	FUTBOL	1455	BEGONTE

2025/CCP_01/000272	SOCIEDAD DEPORTIVA BECERREA	***1366**	FUTBOL	3965	BECERREÁ
2025/CCP_01/000275	CLUB DE MONTAÑA QUIXOS	***2558**	PIRAGÜISMO	5989	MONFORTE
2025/CCP_01/000282	CLUB SPORTING PONTENOVA	***1382**	FUTBOL	3139	PONTENOVA,A
2025/CCP_01/000283	CLUB CICLISTA RIBEIRA SACRA	***9574**	CICLISMO	1839	MONFORTE
2025/CCP_01/000285	ASOC DEPORTIVA RIO OURO	***5111**	FUTBOL	3319	VALADOURO, O
2025/CCP_01/000286	CELEIRO CLUB DEL MAR	***4556**	FUTBOL	1314	VIVEIRO
2025/CCP_01/000287	CLUB DE ORIENTACION COMPAS	***3500**	ORIENTACION	6000	LUGO
2025/CCP_01/000288	CLUB DEPORTIVO FOZ	***1269**	FUTBOL	2245	FOZ
2025/CCP_01/000289	CLUB SQUASH MONSTRUÍÑOS LUGO	***4745**	SQUASH	3996	LUGO
2025/CCP_01/000293	CLUBE RIBEIRA SACRA MONFORTE	***4610**	VOLEIBOL	6000	MONFORTE
2025/CCP_01/000294	CLUB ASOC DEPORTIVA CATRO ROLDAS	***2349**	FUTBOL	1259	VILALBA
2025/CCP_01/000297	CLUB COLOMBOFILO AIRES DE LEMONS	***1378**	COLOMBOFILIA	1369	MONFORTE
2025/CCP_01/000300	ESCOLAS DEPORTIVAS LOURENZA	***2119**	ATLETISMO	3617	LOURENZÁ
2025/CCP_01/000303	CLUB DEPORTIVO SAGRADO CORAZON	***4599**	BALONCESTO	4821	LUGO
2025/CCP_01/000305	CLUB DEPORTIVO PORTOMARIN	***2602**	FUTBOL	1743	PORTOMARIN
2025/CCP_01/000312	CLUB BOLOS XOVE. Nº.REX.C09566	***3719**	BIRLOS	1608	XOVE
2025/CCP_01/000316	INSUAS DO MIÑO RABADE F.S.	***4997**	FUTBOL	1629	RÁBADE
2025/CCP_01/000320	RIOTORTO F.C.	***1407**	FUTBOL	1757	RIOTORTO
2025/CCP_01/000321	ASOC.DEPORTIVA SANTIAGO DE FOZ	***1994**	FUTBOL	2311	FOZ
2025/CCP_01/000324	ASOC. DEPORTIVA A RETORTA FUTBOL SALA	***4670**	FUTBOL	2553	LUGO
2025/CCP_01/000330	CLUB POLIDEPORTIVO MARISTAS DE LUGO	***0330**	BALONCESTO	3861	LUGO
2025/CCP_01/000331	ASOC CULTURAL DEPORTIVA A PIRINGALLA	***3402**	FUTBOL	6000	LUGO
2025/CCP_01/000334	ATLETISMO RIA DE FOZ	***4956**	ATLETISMO	3980	FOZ
2025/CCP_01/000337	CASTROVERDE FUTBOL SALA	***3255**	FUTBOL	3360	CASTROVERDE
2025/CCP_01/000342	CLUB DE BILLAR ADAI	***8983**	BILLAR	4210	CORGO,O
2025/CCP_01/000345	CLUB CICLISTA MILAGROSA DE LUGO	***0332**	CICLISMO	2313	LUGO
2025/CCP_01/000346	CLUB DEPORTIVO XERMADE	***1838**	FUTBOL	1716	XERMADE
2025/CCP_01/000351	C. D. CODESIDO	***1943**	FUTBOL	956	VILALBA
2025/CCP_01/000355	ATLETICO TERRA CHA	***5098**	FUTBOL	1015	VILALBA
2025/CCP_01/000356	ESCOLA ATLETICA LUCENSE	***2360**	ATLETISMO	5986	LUGO
2025/CCP_01/000359	ABADIN CLUB DE FUTBOL CULTURAL	***2832**	FUTBOL	1574	ABADÍN

2025/CCP_01/000363	CLUB DE PIRAGUISMO ALTRUAN DE RIBADEO	***2829**	PIRAGÜISMO	5949	RIBADEO
2025/CCP_01/000367	CLUB POLIDEPORTIVO CASAS	***0386**	FUTBOL	6000	LUGO
2025/CCP_01/000370	ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE GUITIRIZ	***3302**	FUTBOL	2685	GUITIRIZ
2025/CCP_01/000371	ASOC DEPORTIVA FEMINAS PADEL LUGO	***4725**	PADEL	691	LUGO
2025/CCP_01/000372	CLUB FUTBOL FRIOL	***1821**	FUTBOL	2482	FRIOL
2025/CCP_01/000373	CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA MUIMENTA	***1090**	FUTBOL	1528	COSPEITO
2025/CCP_01/000374	CLUB PADEL BURELA	***5138**	PADEL	686	BURELA
2025/CCP_01/000384	AGRUPACION DEPORTIVA MATELA	***1489**	FUTBOL	1433	OUTEIRO DE REI
2025/CCP_01/000385	UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO	***1442**	FUTBOL	2112	XOVE
2025/CCP_01/000388	ASOC DEPORTIVA AIXA	***3985**	XIMNASIA RITMICA	1174	SARRIA
2025/CCP_01/000393	CLUB MEDELA MTB.	***4029**	CICLISMO	2887	CERVO
2025/CCP_01/000395	CLUB MONTAÑA TERRAS DE BURON	***7774**	MONTAÑISMO	2039	FONSAGRADA, A
2025/CCP_01/000399	CLUB DEPORTIVO SAN CIPRIAN	***0322**	FUTBOL	2370	CERVO
2025/CCP_01/000400	CLUB DEPORTIVO SAN CIPRIAN	***0322**	PIRAGÜISMO	5364	CERVO
2025/CCP_01/000407	CIRCULO RECREATIVO DE XADREZ	***3306**	XADREZ	1001	CHANTADA
2025/CCP_01/000409	SOCIEDAD COLOMBOFILIA LUCENSE	***0155**	COLOMBOFILIA	1054	LUGO
2025/CCP_01/000412	ASOC GIMNASTICA LUCENSE	***7031**	FUTBOL	3057	LUGO
2025/CCP_01/000416	CLUB XIMNASIA VIVEIRO	***4626**	XIMNASIA RITMICA	2444	VIVEIRO
2025/CCP_01/000418	CLUB CRUCEIRO DE MEILAN	***3577**	BIRLOS	1520	RIORTORTO
2025/CCP_01/000419	CRETO BIKES	***9798**	CICLISMO	5634	LUGO
2025/CCP_01/000428	CLUB STAR DANCE	***3888**	BAILE DEPORTIVO	2602	LUGO
2025/CCP_01/000430	CLUB STAR DANCE	***3888**	XIMNASIA RITMICA	1630	LUGO
2025/CCP_01/000436	SOCIEDADE DEPORTIVA POL	***1093**	FUTBOL	2854	POL
2025/CCP_01/000446	ESCOLAS DEPORTIVAS CHANTADA	***2112**	FUTBOL	1734	CHANTADA
2025/CCP_01/000447	CLUB DEPORTIVO SOBER	***1766**	FUTBOL	1547	SOBER
2025/CCP_01/000451	CLUB VIOLETA	***1815**	XIMNASIA RITMICA	3613	BEGONTE
2025/CCP_01/000453	PRAIAS DE BARREIROS CLUB DEPORTIVO	***4565**	FUTBOL	2327	BARREIROS
2025/CCP_01/000457	ESCUELA DEPORTIVA SHIHAN	***5126**	KARATE	4057	LUGO
2025/CCP_01/000460	PALAS CLUB DEPORTIVO	***1935**	FUTBOL	4300	PALAS DE REI
2025/CCP_01/000461	YOCREAPPTIVE SALA	***5064**	FUTBOL	735	LUGO
2025/CCP_01/000462	CLUB TRABADA FUTSAL	***4803**	FUTBOL	1323	TRABADA

2025/CCP_01/000467	CLUB DEPORTIVO CLUB GOLDANCE	***4051**	BAILE DEPORTIVO	930	MONTERROSO
2025/CCP_01/000474	CLUB BALONCESTO RIA DE RIBADEO	***2040**	BALONCESTO	3164	RIBADEO
2025/CCP_01/000477	CLUB DE TENIS AS TERMAS	***4194**	TENIS	3718	LUGO
2025/CCP_01/000481	CLUB DEPORTIVO COSPEITO	***1338**	FUTBOL	1474	COSPEITO
2025/CCP_01/000482	ASOC DEPORTIVA E CULTURAL SAN XOAN DE GUITIRIZ	***4958**	FUTBOL	1622	GUITIRIZ
2025/CCP_01/000485	ASOC DEPORTIVA JUDO MURALLA	***4934**	BALONCESTO	1280	LUGO
2025/CCP_01/000489	FREE DOJO	***8781**	KICKBOXING	2902	LUGO
2025/CCP_01/000491	LUGO RUNNING CLUB	***4623**	ATLETISMO	1915	LUGO
2025/CCP_01/000493	CLUB DE REMO RIBADEO	***1367**	REMO	5700	RIBADEO
2025/CCP_01/000496	ASOC OS SENDEIROS DE FOZ	***3123**	SENDERISMO	616	FOZ
2025/CCP_01/000498	XUNCAS DIVERSIA	***9103**	ATLETISMO	2420	LUGO
2025/CCP_01/000502	LUISITALIA	***8175**	FUTBOL	910	SARRIA
2025/CCP_01/000505	SPORTING LUCUS PADEL	***9741**	PADEL	1593	LUGO
2025/CCP_01/000508	CLUB CEREZO BIKES	***4484**	CICLISMO	2935	BURELA
2025/CCP_01/000515	SOCIEDAD DEPORTIVA RIBADEO	***3192**	FUTBOL	5003	RIBADEO
2025/CCP_01/000517	POOLROOM LUGO	***7708**	BILLAR	2169	LUGO
2025/CCP_01/000523	CLUB ATLETISMO RIBADEO.NÚM.REX.-C09041	***3476**	ATLETISMO	1602	RIBADEO
2025/CCP_01/000528	CLUB DEPORTIVO GUNTIN	***2460**	FUTBOL	1775	GUNTIN
2025/CCP_01/000536	CLUB BALONCESTO CELTAS DE FOZ	***1375**	BALONCESTO	3956	FOZ
2025/CCP_01/000538	SOCIEDAD DEPORTIVA CULTURAL E XUVENIL ATLETICO SAN ANTONIO	***4338**	FUTBOL	776	LUGO
2025/CCP_01/000540	SOCIEDAD DEPORTIVA CULTURAL E XUVENIL ATLETICO SAN ANTONIO	***4338**	PADEL	616	LUGO
2025/CCP_01/000543	IBERIA CLUB DE FUTBOL	***1228**	FUTBOL	2149	BARREIROS
2025/CCP_01/000544	S D CASTROVERDE	***0387**	FUTBOL	2521	CASTROVERDE
2025/CCP_01/000546	CLUB NATACION DE XOVE	***1067**	NATACION	5143	XOVE
2025/CCP_01/000550	CLUB SAMOS FUTBOL SALA	***2983**	FUTBOL	1405	SAMOS
2025/CCP_01/000551	SOCIEDADE DEPORTIVA CANDELARIA	***1460**	FUTBOL	1446	CERVO
2025/CCP_01/000553	AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE BRETAÑA	***3430**	FUTBOL	956	LUGO
2025/CCP_01/000555	AGRUPACION DEPORTIVA XUVENIL MILAGROSA	***1096**	TENIS DE MESA	1316	LUGO
2025/CCP_01/000557	SDAD. CULTURAL DEPORT. SANTA COMBA	***2500**	FUTBOL	1200	LUGO
2025/CCP_01/000558	A.D. ALBEIROS VETERANOS	***4826**	FUTBOL	1011	LUGO

2025/CCP_01/000561	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS A CANTEIRA	***4753**	FUTBOL	963	VILALBA
2025/CCP_01/000569	VIVEIRO CLUB FUTBOL	***1462**	FUTBOL	1501	VIVEIRO
2025/CCP_01/000574	CLUB ATLETICO ESCAIRON	***2081**	FUTBOL	1953	SAVIÑO,O
2025/CCP_01/000579	CLUB QUICELA GIMNASIA RITMICA	***3856**	XIMNASIA RITMICA	3014	SARRIA
2025/CCP_01/000583	PENTA LUGO	***6844**	PENTATLON	1963	LUGO
2025/CCP_01/000596	ASOC COYOTE PEDAL TERRACHA	***5068**	CICLISMO	2387	CASTRO DE REI
2025/CCP_01/000602	ASOC DEPORTIVA JUDO MURALLA	***4934**	JUDO	3480	LUGO
2025/CCP_01/000604	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS DE TABOADA	***3430**	FUTBOL	1339	TABOADA
2025/CCP_01/000607	SIGLO ENDURANCE TEAM	***8975**	HIPICA	1401	BARALLA
2025/CCP_01/000622	CLUB TENIS LUCUS	***4128**	PADEL	942	LUGO
2025/CCP_01/000623	CLUB DE HOCKEY FEMENINO MEIGAS	***2508**	HOCKEI LIÑA	2167	LUGO
2025/CCP_01/000624	SOCIEDAD DEPORTIVA ANTAS	***1242**	FUTBOL	3947	ANTAS DE ULLA
2025/CCP_01/000631	SOCIEDAD DEPORTIVO CULTURAL CABREIROS	***1590**	FUTBOL	1702	XERMADE
2025/CCP_01/000632	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS DE COSPEITO	***3618**	FUTBOL	1211	COSPEITO
2025/CCP_01/000643	ASC DEPORTIVA AGOR	***4614**	FUTBOL	983	LUGO
2025/CCP_01/000645	CLUB DEPORTIVO RITMOLUGODANCE	***4836**	BAILE DEPORTIVO	2519	LUGO
2025/CCP_01/000649	LUME BEISBOL CLUB	***2466**	BEISBOL	1100	LUGO
2025/CCP_01/000651	CLUB PIÑA TEAM	***5034**	BOXEO	3089	LUGO
2025/CCP_01/000656	CLUB FILIGRANA	***4326**	XIMNASIA RITMICA	1872	LUGO
2025/CCP_01/000670	AML	***5164**	MOTOCICLISMO	2327	LUGO
2025/CCP_01/000671	PEÑA CICLISTA GRAFICAS LAR	***0423**	CICLISMO	2071	VIVEIRO
2025/CCP_01/000682	CLUB RITMICA KENDRA	***5136**	XIMNASIA RITMICA	3194	MONFORTE
2025/CCP_01/000686	CLUB DEPORT. CENTRO DEPORTIVO D10	***4830**	TENIS	3310	OUTEIRO DE REI
2025/CCP_01/000690	CLUB DEPORT. CENTRO DEPORTIVO D10	***4830**	PADEL	2277	OUTEIRO DE REI
2025/CCP_01/000691	CLUBE ATLETISMO VILALBA	***4578**	ATLETISMO	1062	VILALBA
2025/CCP_01/000695	MAGIE DANCE (EN CONSTITUCION)	***5163**	BAILE DEPORTIVO	1135	LUGO
2025/CCP_01/000697	CLUB DEPORTIVO DE CUBELAS F.S. N-REG.-C-08663	***3303**	FUTBOL	981	RIBADEO
2025/CCP_01/000703	CLUB POLIDEPORTIVO MARISTAS DE LUGO	***0330**	ATLETISMO	2696	LUGO
2025/CCP_01/000705	SOCIEDAD DEPORTIVA RUBIAN	***1216**	FUTBOL	1825	BÓVEDA
2025/CCP_01/000706	AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS SANCORBADE	***3626**	FUTBOL	990	VILALBA
2025/CCP_01/000714	AGRUPACION DEPORTIVA A GANDARA	***0409**	ATLETISMO	2213	MONFORTE

2025/CCP_01/000719	CLUB HIPICO LA CRUZ	***4530**	HIPICA	1521	TABOADA
2025/CCP_01/000726	QUIROGA FUTBOL CLUB	***4082**	FUTBOL	2101	QUIROGA
2025/CCP_01/000727	CLUB UNION PASTORICENSE	***1476**	FUTBOL	2747	A PASTORIZA
2025/CCP_01/000729	CLUB DEPORTIVO TERRA PADEL (EN CONSTITUCION)	***8779**	PADEL	1582	LUGO
2025/CCP_01/000732	CLUB DE TIRO SAN ROQUE	***1350**	TIRO OLIMPICO	3129	VIVEIRO
2025/CCP_01/000736	CLUB BALONCESTO IES SANXILLAO	***9598**	BALONCESTO	2500	LUGO
2025/CCP_01/000737	SOCIEDAD DEPORTIVA DE PESCA CORMORAN	***4043**	PESCA	4669	RIBADEO
2025/CCP_01/000747	ASOC CULTURAL E DEPORTIVA BILLARDA RIO MIÑO	***9108**	BILLARDA	1048	CASTRO DE REI
2025/CCP_01/000751	GALLAECIA KICKBOXING CLUB	***4218**	KICKBOXING	862	COSPEITO
2025/CCP_01/000754	CLUB DE MONTAÑISMO LUCUS AUGUSTI	***2694**	ESPELEOLOXIA	1301	COSPEITO
2025/CCP_01/000755	VILLALBA FUTBOL SALA	***2476**	FUTBOL	6000	VILALBA
2025/CCP_01/000758	CLUB WATERPOLO LUGO	***5006**	WATERPOLO	3000	LUGO
2025/CCP_01/000759	CLUB S.D.CHANTADA	***2166**	FUTBOL	4761	CHANTADA
2025/CCP_01/000760	CLUBE CICLISTA MONFORTE	***1115**	CICLISMO	2722	MONFORTE
2025/CCP_01/000773	CLUB GRAVITTY	***4836**	XIMNASIA	2839	LUGO
2025/CCP_01/000776	CLUB GRAVITTY	***4836**	BAILE DEPORTIVO	3949	LUGO
2025/CCP_01/000781	CLUB DE FUTBOL MONFORTE	***4338**	FUTBOL	3575	MONFORTE
2025/CCP_01/000785	SOCIEDAD DEPORTIVA Y CULTURAL SAN ROQUE	***1146**	FUTBOL	3226	LUGO
2025/CCP_01/000788	CLUB PATINS LOSTREGOS LUCUS	***2674**	HOCKEI LIÑA	3616	LUGO
2025/CCP_01/000795	SOCIEDADE DEPORTIVA MONTERROSO	***1701**	FUTBOL	4451	MONTERROSO
2025/CCP_01/000796	CLUB SEURRI	***4576**	TIRO CON ARCO	1861	SARRIA
2025/CCP_01/000798	CLUB GOLF EL PILAR SARRIA	***4117**	GOLF	1020	SARRIA
2025/CCP_01/000807	PARGA FUTBOL CLUB	***1363**	FUTBOL	1239	GUITIRIZ
2025/CCP_01/000808	SOCIEDAD DEPORTIVA GUITIRIZ	***1515**	FUTBOL	3162	GUITIRIZ
2025/CCP_01/000809	ESCOLA DE FUTBOL POLVORIN (C-10884)	***4227**	FUTBOL	5699	LUGO
2025/CCP_01/000813	FUTBOL VETERANOS LAMBRUXOS SARRIA	***4133**	FUTBOL	963	SARRIA
2025/CCP_01/000821	CLUB HIPICO FINCA O TOXAL	***7547**	HIPICA	1734	LUGO
2025/PES_03/004224	CLUB CICLISTA TERRA CHA VILALBA	***4465**	CICLISMO	2000	VILALBA
2025/PES_03/004293	CLUB CICLISTA VIVEIRO	***0354**	CICLISMO	3500	VIVEIRO
2025/PES_03/004296	ASOC DEPORTIVA BICICLISTAS GALEGOS	***4862**	CICLISMO	1000	VILALBA
2025/PES_03/004298	CLUB DE REMO CELEIRO	***5156**	REMO	2500	VIVEIRO

2025/PES_03/004300	CLUB ROBALOS DA MARIÑA	***9145**	PESCA	1000	VIVEIRO
2025/PES_03/004321	CLUB DE BILLAR XOVE	***8382**	BILLAR	1000	XOVE
2025/PES_03/004381	ESCOLA DE RUGBY ASTERIX VIVEIRO	***5128**	RUGBI	845	VIVEIRO
2025/PES_03/004404	CLUB BALONCESTO TERRA CHA	***4126**	BALONCESTO	2502	VILALBA
2025/PES_03/004506	CLUB DE LOITA LUGO	***3785**	LOITAS OLIMPICAS	4062	LUGO
2025/PES_03/004542	CLUB DEPORTIVO EGOBARROS	***2129**	ATLETISMO	1500	VIVEIRO
2025/PES_03/004568	TAEKWONDO VILALBA JANSU	***3386**	TAEKWONDO	1810	VILALBA
2025/PES_03/004640	ESCOLA LUGUESA DE XADREZ	***2119**	XADREZ	4686	LUGO
2025/PES_03/004670	ASOCIACION DEPORTIVA CULTURAL RECREATIVA AS CANICAS DE BEGONTE	***4386**	FUTBOL	5229	BEGONTE
2025/PES_03/004730	CLUB DEPORTIVO CHAO (EN CONSTITUCION)	***5694**	FUTBOL	4189	LUGO
2025/PES_03/004733	SDAD. DEPORTIVA RIOAVESO MACHINANGO	***2238**	FUTBOL	1246	VILALBA
2025/PES_03/004773	TDM VILALBA	***4251**	TENIS DE MESA	1185	VILALBA
2025/PES_03/004774	CLUB TRIATLÓN VILALBA	***4440**	TRIATLON	6000	VILALBA
2025/PES_03/004829	SOCIEDAD DEPORTIVA XOVE F.S.	***3962**	FUTBOL	3869	XOVE
2025/PES_03/004852	CLUB TAEKWONDO VALERIC	***4813**	TAEKWONDO	2671	LUGO
2025/PES_03/004854	VIVEIRO SURFING FAMILY	***4802**	SURF	3000	VIVEIRO
2025/PES_03/004858	CLUB TAEKWONDO NEKA MONFORTE	***3794**	TAEKWONDO	3000	MONFORTE
2025/PES_03/004868	JUDO CLUB LUGOKAN	***5162**	JUDO	3689	LUGO
2025/PES_03/004908	CLUB JUDO LUGO	***1499**	JUDO	4355	LUGO
2025/PES_03/004945	FOUCE PADEL	***4640**	PADEL	651	LUGO
2025/PES_03/004949	AGRUPACION DEPORTIVA RESIDENCIA	***1203**	FUTBOL	6000	LUGO
2025/PES_03/004952	ATLETICO ABUIN CF	***2317**	FUTBOL	2268	LUGO
2025/PES_03/004973	MARCHA NORDICA NORDIC WALKING LUGO (EN CONSTITUCION)	***6569**	MARCHA NORDICA	676	LUGO
2025/PES_03/004977	UNION DEPORTIVA FOLGUEIRO	***2932**	FUTBOL	2195	VICEDO,O
2025/PES_03/004979	CLUB ANVIAR	***2323**	BILLAR	1555	LUGO
2025/PES_03/004981	CLUBE DE XADREZ RECAELO	***2688**	XADREZ	1200	LUGO
				600.000,00	

DESESTIMADAS

Nº REX	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCION	CONCELLO	MOTIVOS DESESTIMACIÓN
2025/CCP_01/000048	INSUAS DO MIÑO RABADE F.S.	***4997**	FUTBOL	0	RÁBADE	DESESTIMADA: PRESENTADA FÓRA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES 08/03/2025 (PRAZO 10/03/2025 AO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000198	PEÑA DE ARBITROS 9,15	***2861**	FUTBOL	0	LUGO	PRESENTA DESISTENCIA
2025/CCP_01/000242	CLUB HIPICO VAL DE FRANCOS	***5285**	HIPICA	0	CASTRO DE REI	DESESTIMADA. PUNTO 3, DAS BASES DA CONVOCATORIA, REQUISITOS DO BENEFICIARIO: NÚMERO MÍNIMO DE LICENZAS FEDERATIVAS
2025/CCP_01/000450	ASOC MOTERA JABATOS BRAVIOS	***8232**	MOTOCICLISMO	0	MONDOÑEDO	PRESENTA DESISTENCIA
2025/CCP_01/000520	CLUB CICLISTA MEIRA	***2676**	CICLISMO	0	MEIRA	DESESTIMADA. PUNTO 3, DAS BASES DA CONVOCATORIA, REQUISITOS DO BENEFICIARIO: NÚMERO MÍNIMO DE LICENZAS FEDERATIVAS
2025/CCP_01/000598	ASOC CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA ANDRADE TAE	***3434**	TAEKWONDO	0	VILALBA	PRESENTA DESISTENCIA
2025/CCP_01/000664	PEÑA CICLISTA GRAFICAS LAR	***0423**	MONTAÑISMO	0	VIVEIRO	DESESTIMADA, BASE 7, NON PROCEDE A CONCESIÓN POR NON LOGRAR PUNTUACIÓN SUFICIENTE PARA QUE MULTIPLICADA POLO VALOR EN EUROS DO PUNTO DO RESPECTIVO GRUPO DEA UN IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 500,00 EUROS (IMPORTE MÍNIMO A CONCEDER)
2025/CCP_01/000707	OS ANGUIAS BTT	***4638**	CICLISMO	0	PORTOMARIN	DESESTIMADA. PUNTO 3, DAS BASES DA CONVOCATORIA, REQUISITOS DO BENEFICIARIO: NÚMERO MÍNIMO DE LICENZAS FEDERATIVAS
2025/CCP_01/000828	CLUB ATLETISMO LOURENZA N DE REXISTRO C 12141	***4657**	ATLETISMO	0	LOURENZÁ	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 24/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000842	SOCIEDADE DEPORTIVA O PARAMO	***2839**	FUTBOL	0	PÁRAMO,O	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 25/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000843	CLUB BALONCESTO LEMAVOS	***9382**	BALONCESTO	0	MONFORTE	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 25/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000852	SOCIEDAD DEPORTIVA BURELA	***1151**	FUTBOL	0	BURELA	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 26/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000853	ASOC DEPORTIVA PORTO DE BURELA	***4485**	FUTBOL	0	BURELA	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 26/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)

2025/CCP_01/000871	RACING CLUB VILALBES	***1198**	FUTBOL	0	VILALBA	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 28/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000890	CLUB DEPORTIVO ALFOZ	***0323**	FUTBOL	0	ALFOZ	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 31/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/CCP_01/000893	CLUB DEPORTIVO SANTABALLES	***1426**	FUTBOL	0	VILALBA	DESESTIMADA. PUNTO 8 BASES DA CONVOCATORIA. PRESENTADA FORA DE PRAZO, O 31/03/2025 (FIN DO PRAZO 21/03/2025)
2025/PES_03/004674	CAPONS VILALBA RUGBY CLUBE	***8741**	RUGBI	0	VILALBA	DESESTIMADA, BASE 7, NON PROCEDE A CONCESIÓN POR NON LOGRAR PUNTUACIÓN SUFICIENTE PARA QUE MULTIPLICADA POLO VALOR EN EUROS DO PUNTO DO RESPECTIVO GRUPO DE A UN IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 500,00 EUROS (IMPORTE MÍNIMO A CONCEDER)

De acordo co punto 10. *Acordos de concesións e notificacións. Acordo de resolución provisional*, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados do acordo de concesión provisional do procedemento, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, concedendo un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 21 de xullo de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2114

CONCELLOS

LUGO

Anuncio

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local número 15/284 celebrada o 09/07/2025 do teor literal que de seguido se transcribe:

APROBACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA), NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES-EXERCICIO 2025.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, do 1 de xullo de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza en substitución da tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, na parte expositiva do cal se fai constar:

De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico

das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións (e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro) para a defensa dos intereses da veciñanza, así como o acceso ás axudas económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social que, mediante un procedemento de concorrencia competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de servizos culturais, etc.

Visto o artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo, no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva que, con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O Concello de Lugo aprobou o Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, de data 25/04/2023, actualizado á anualidade 2025 mediante acordo da Xunta de Goberno Local 10/190 do 28/05/2025.

Vistos:

- 1.- Certificación de existencia de crédito da Tesourería Municipal de data 19/06/2025, de consignación orzamentaria na aplicación 33000.48900, RC nº 40677/2025 por importe de 15.000,00 euros.
- 2.- Informe do Servizo de Fomento do día 25/06/2025, no que se manifesta que a proposta de bases é axustada á regulamentación específica.
- 3.- Informe do Servizo de Intervención nº2025/1035 do día 30/06/2025, de fiscalización previa polo que procede a tramitación do expediente.

Con base no exposto e visto que a Xunta de Goberno Local resérvase, segundo o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o exercicio destas atribucións,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Que á vista da aprobación do Plan estratéxico de subvencións para o período 2023-2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local 9/199, de data 25/04/2023, se proceda á convocatoria para o exercicio 2025 de subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua), para o desenvolvemento de programas e actividades culturais de interese xeral e sectorial de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 15.000,00 euros a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900. RC: 40677/2025

TERCEIRO.- Esta convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES CULTURAIS E PERSOAS XURIDICO-PRIVADAS SEN ANIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA (ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA). EXERCICIO ECONÓMICO 2025.**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua ás asociacións e a entidades xurídico-privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento, durante o exercicio económico de 2025, de programas e actividades culturais que beneficien a colectivos no eido da cultura, o turismo ou a promoción da lingua.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundacións ou

calquera outro rexistro público figurando como asociacións que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos culturais (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua).

c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.

d) Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da cultura.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación cultural realizada pola Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2025.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e, de ser o caso, renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Cultura	33000.48900	15.000,00 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal: *"considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación"*.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as Bases na páxina web do Concello debendo inserirse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Solicitude, segundo o modelo do ANEXO.- Solicitude de subvención, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar, no seu caso, nas diferentes administracións os datos tributarios e outras informacións declaradas.

b) Fotocopia do NIF da entidade.

c) Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante, así como documento acreditativo e actualizado desta representación.

d) Tanto no caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de proxecto, actividades ou programas da asociación ou entidade deberán de presentar as actuacións a desenvolver, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO.- Descrición das actuacións a desenvolver, que poderá vir acompañado do proxecto que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

e) Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO.- Declaración responsable de solicitude, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención, así como outras achegas, axudas ou colaboracións de carácter non económico.

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria supere na convocatoria o importe de 3.000,00 euros deberanse achegar as correspondentes certificacións, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2025.

f) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

g) Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia dun departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

h) Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

i) Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitude, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. **Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVIRTESE EXPRESAMENTE** que en ningún caso se concedera prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicara a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

O procedemento instruírse no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, ou órgano no que delegue segundo o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Comisión avaliadora. Composición:

- Presidenta/e: Xefa/e do Servizo/Sección de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: Un traballador/a adscrito ao Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Vogal: Un técnico/a do Servizo de Intervención
- Secretaría: Un Funcionario/a do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada; á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor. Funcións:

- Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de

conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirit os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.
- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.
